

Os termos da fraseoloxía en galego¹

The Terms of Phraseology in Galician

Alejandro Martínez Vicente
Sveučilište u Zadru (Croacia)
ORCID: 0000-0003-3222-8352
amartinez@unizd.hr

Ivana Lončar
Sveučilište u Zadru (Croacia)
ORCID: 0000-0002-5661-8331
iloncar@unizd.hr

Resumo: Este traballo ten como obxectivo reunir os termos da fraseoloxía en lingua galega, tanto das súas subdisciplinas como das unidades que constitúen o seu obxecto de estudo. Extráense e recóllense de diversas fontes as solucións adoptadas en galego para cada concepto e, onde se considere preciso, estas van acompañadas dunha descrición ou análise relacionada co seu uso e presenza nos estudos fraseolóxicos galegos. Sinálanse con especial atención os casos en que a un mesmo concepto lle corresponden dous ou máis termos ou aqueles considerados proclives a confusión, como sucede con algún que, en función da escola ou corrente que siga un autor determinado, pode facer referencia a conceptos diferentes, conforme ocorre con *unidade fraseolóxica* que é nalgunhas obras considerado un sinónimo de *fraseoloxismo* e, en cambio, noutras de *frasema*. Indícase tamén, nos casos onde existen diversas opcións, aquelas que semellan ser máis claras, unívocas ou acaídas. Ao final do artigo, inclúese un anexo cun glosario de todos os termos recollidos, un total de 166, dividido en dúas categorías principais: disciplinas e unidades, con 38 e 128 termos respectivamente.

Palabras clave: metafraseoloxía, fraseoloxía, paremioloxía, terminoloxía fraseolóxica, galego.

Abstract: *The aim of this work is to gather the terms of phraseology in the Galician language, both of its sub-disciplines and the units it has as its object of study. The solutions adopted in Galician for each concept are extracted and collected from various*

¹ Data de recepción: 21.02.2024. Data de aceptación: 02.07.2024.

*sources and, where deemed necessary, these are be accompanied by a description or analysis related to their use and presence in Galician phraseological studies. Particular attention is paid to the cases where the same concept corresponds to two or more terms or those considered prone to confusion, as is the case with a term that, depending on the school or trend followed by a certain author, may refer to different concepts, as it happens with *unidade fraseolóxica* that can be in some works considered a synonym of *fraseoloxismo* and, instead, in others of *frasema*. It is also indicated, in cases where there are several options, those that seem to be clearer, unequivocal or appropriate. At the end of the article, an annex is included with a glossary of all the terms collected, a total of 166, and divided into two main categories: disciplines and units, with 38 and 128 terms, respectively.*

Keywords: *metaphraseology, phraseology, paremiology, phraseological terminology, Galician*

1. Introducción

Este artigo pretende dar conta dos termos da fraseoloxía utilizados en lingua galega. Ofrécese as solucións para disciplinas fraseolóxicas e para as unidades que son obxecto do seu estudo. Tómase como referencia inicial a terminoloxía traballada dentro da iniciativa *METAFRAS* do *Proxecto de Fraseoloxía Galega* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que inclúe gran parte das disciplinas que aquí se abordan. Para as unidades recolleranse os termos usados en diversas obras escritas ou traducidas ao galego, que serán citadas e comentadas máis adiante na súa sección correspondente. Gran parte das denominacións recollidas proceden directamente do ámbito hispánico, tanto termos propiamente tradicionais ou habituais en castelán, por exemplo *locución*, como outros máis característicos ou orixinarios doutras escolas ou ámbitos nos que o español posiblemente actuou como lingua ponte co galego. Serían casos, por citar algúns exemplos, como *unidade fraseolóxica*, propio dos estudos rusos ou soviéticos (Baránov e Dobrovol'skij 2009: 13); *semifrasema*, termo que chegou dende o francés *demi-phrase* da escola ruso-canadense (Corpas Pastor 1998: 40); presumiblemente *frasema* tamén viría do francés, aínda que Pamies Bertrán (2019: 28) asevera que é adaptado da lingua inglesa; ademais, recóllese *fraseolexema*, común no ámbito xermánico (García Page 2008: 16); *colocación* do inglés (Corpas Pastor 1996: 61) etc.

De entrada, cómpre subliñar que a fraseoloxía da lingua galega non coñeceu un amplo desenvolvemento teórico durante o século XX máis alá de traballos relacionados co ámbito lexicográfico ou coa recompilación de paremias e outras unidades fraseolóxicas como se pode percibir nas panorámicas ofrecidas en X. Ferro Ruibal e A. Vidal Castiñeira (2003), en Soto Arias (1998) ou outros que se mencionarán máis adiante. Esta situación permite falar dun «esquecemento teórico» no que concirne, especialmente, á delimitación e caracterización das unidades que trata esta disciplina (Álvarez de la Granja 1997: 71–73; 2004: 477–478). A finais do século XX e coa chegada do novo milenio vanse superando estas eivas e o atraso respecto doutras linguas como asegura Martínez Vicente (2023: 20):

Os estudos para o castelán non comezarían ata 1950 coa obra *Introducción a la lexicografía moderna* de Julio Casares Sánchez, pioneiro neste eido que abriría o camiño ós traballos que virían despois, especialmente a partir das décadas dos 70 e dos 80. No ámbito galego,

debido a situación de marxinación e desleixo que sufriu a lingua, esta incorporación foi máis tardía e non había un tratamento autónomo da súa fraseoloxía. Hoxe en día, a fraseoloxía galega goza de grande atención e de importantes estudos propios. Destaca, tanto a nivel de fraseoloxía en xeral como para o eido da nosa investigación, o traballo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) coa revista *Cadernos de fraseoloxía galega*, na que non só hai obras e artigos de fraseoloxía galega, senón que se verten e publican en galego prestixiosos estudos de fraseoloxía internacional.

A pesar dos avances recentes, todo este contexto determina que moitos estudos galegos de fraseoloxía se baseen en obras doutras linguas para establecer o seu marco teórico para as unidades. Nomeadamente do castelán, como o traballo *Manual de fraseología española* de Corpas Pastor (1996) ou Zuluaga (1980), por citar só uns exemplos; pero tamén doutros ámbitos e escolas, como a obra de referencia *Aspectos teóricos da fraseoloxía* de Anatolij Baránov e Dmitrij Dobrovol'skij (2009) traducida ao galego só un ano despois da súa publicación en ruso, que permitiu achegar a tradición fraseolóxica rusa ao galego e a súa particular perspectiva á hora de describir e delimitar os fraseoloxismos.

O uso de diferentes marcos teóricos ou a presenza de denominacións de varias escolas ou linguas provoca que a diversidade terminolóxica arredor desta disciplina sexa maior, incluso proclive á confusión. Por exemplo, das obras nomeadas antes, obtense da castelá de Corpas Pastor os termos *unidade fraseolóxica (UF)* para a unidade que estuda a fraseoloxía, e *locución* para os frasemas, cando na obra eslava son *fraseoloxismo* e *unidade fraseolóxica* respectivamente. Aquí, pódese observar que se usa un termo diferente cos frasemas e que *unidade fraseolóxica* fai referencia a conceptos distintos: no caso do castelán a todos os fraseoloxismos e no ruso a só un tipo, o que é *locución* na outra obra.

É máis, xunto a *fraseoloxismo* e a *unidade fraseolóxica* rexístranse outros termos en galego de diversos ámbitos que poden ser sinónimos destes, como por exemplo: *fraseolexema*, *frase feita*, *expresión fixa* ou *xiro idiomático*. De todos os xeitos, cómpre subliñar que a confusión terminolóxica que pode traer esta variedade de termos e usos, non é un atranco exclusivo do ámbito galego, como se pode ver no panorama ofrecido en García Page (2008) nin tampouco é unha cuestión só da fraseoloxía, xa que problemáticas desta índole (non só denominación, senón tamén delimitación e clasificación de unidades) afectan en maior ou menor grao ao resto de disciplinas lingüísticas.

Neste traballo tentase dar conta de todas as opcións usadas e sinálanse aqueles casos, coma o de *UF*, máis susceptibles de confusión. O feito de contar con artigos traducidos en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* talvez propicia que se recollan diferentes solucións para un mesmo termo. Neste sentido, un traballo coma este, enfocado na metafraseoloxía en galego, resulta necesario non só para amosar as múltiples opcións dispoñibles, senón para poder sinalar, na medida do posible, aquelas que teñen maior percorrido nos estudos exclusivamente galegos ou as que semellan ser máis máis atinadas ou menos confusas, é dicir: as que mellor responden á relación que existe entre o termo técnico e aquilo que designa.

2. A fraseoloxía e as súas subdisciplinas

Neste primeiro apartado trátanse os termos que fan referencia ás disciplinas fraseolóxicas. Os conceptos seleccionados inicialmente son os mesmos que se traballan na iniciativa *METAFRAS*, como se adiantou na epígrafe anterior.

2.1. Fraseoloxía

No *DICELEN* (Palacios Martínez, 2019) atópase a seguinte definición en lingua galega desta disciplina:

Táboa 1. Definición de *fraseoloxía*²

Fraseoloxía
DEFINICIÓN:
Disciplina lingüística, considerada por algúns como unha rama da lexicoloxía e por outros como un ámbito autónomo, que se ocupa do estudo das unidades fraseolóxicas, é dicir, das combinacións fixas de palabras con carácter idiomático como, por exemplo, as expresións <i>meu dito</i> , <i>meu feito</i> ou <i>feo coma un croio</i> .
[...]
CORRESPONDENCIA NOUTROS IDIOMAS:
Español: Fraseología
Inglés: Phraseology
Francés: Phraséologie
Alemán: Phraseologie
Italiano: Fraseologia
Polaco: Frazeologia
Portugués: Fraseologia
Ruso: Фразеология

Nesta definición do *DICELEN* fálase da consideración ou non da fraseoloxía como ámbito autónomo. Respecto da independencia desta, Corpas Pastor (1996: 15–16) inicialmente describiuna como unha subdisciplina da lexicoloxía, se ben logo, *id.* (2000: 103), retractouse disto e aceptouna como disciplina independente, xa que a fraseoloxía experimentou un crecemento notable e desenvolveu o seu propio aparato teórico. Ruiz Gurillo (1997: 43–44) fala tamén da idea da fraseoloxía como disciplina autónoma e subliña o seu carácter interdisciplinar.

² <https://www.dicenlen.eu/gl/diccionario/entradas/fraseoloxia>

García Page (2008: 38–39) comenta que tradicionalmente a fraseoloxía estaba incluída na lexicoloxía e os lingüistas eslavos e os xermánicos avogaban dende moi cedo pola súa condición como disciplina autónoma, aínda que non illada das outras, para favorecer o seu desenvolvemento. Ruiz Gurillo (1997: 17–32) sinala a Charles Bally, discípulo de Saussure, como fundador da fraseoloxía por 1905, pero Penadés Martínez (1999: 11) destaca como promotor da fraseoloxía como ciencia a Polivanov, lingüista soviético, que xa en 1928 consideraba que a lingüística debía aceptar o estudo das expresións fixas de forma independente, como disciplina autónoma. A partir das teorías de Polivanov, Vinogradov estableceu os conceptos fundamentais, o ámbito e o estudo da moderna fraseoloxía.

Así e todo, a fraseoloxía xeralmente non era considerada independente en áreas máis próximas ao galego como o da fraseoloxía castelá. Engade García Page (2008: 79) que actualmente e no ámbito hispánico hai defensores de ambas posturas, se ben parece que a posición da fraseoloxía como disciplina independente cada vez vai gañando máis apoio.

Como se puido observar, a escola rusa dende os comezos era favorable á autonomía da fraseoloxía. Consonte a isto, Baránov e Dobrovol'skij (2009: 11) ofrecen a súa definición para este termo: «a fraseoloxía é unha disciplina lingüística relativamente nova que estuda as combinacións fixas de palabras (nun senso amplo), os fraseoloxismos. Tamén se denomina fraseoloxía ao conxunto dos propios fraseoloxismos dunha lingua concreta». Logo, complétase a definición cunha explicación breve dos diferentes tipos de unidades que son obxecto da fraseoloxía.

Observando todas as definicións de fraseoloxía dadas antes pódese entender que ambas fan referencia a unha *fraseoloxía en sentido amplo*, en contraposición á chamada *fraseoloxía en sentido estreito*. Tal e como afirma Martínez Vicente (2023: 19), a visión ampla, máis característica nun comezo dos estudos de Europa oriental, inclúe no seu ámbito de investigación tanto a fraseas (UF) como semifraseas (colocacións), a diferenza da perspectiva estreita, a cal aparta estas últimas unidades por non as considerar fraseoloxismos ao non seren totalmente idiomáticas. De acordo con esta última visión, se se separa a paremioloxía da fraseoloxía, a esta só lle quedan os fraseas propiamente ditos como obxecto de estudo. Pola contra, na visión ampla, como se ve en Baránov e Dobrovol'skij (2009) ou en Corpas Pastor (1996), a fraseoloxía trata tanto os refráns (paremias) como as unidades fraseolóxicas (locucións) e as colocacións.

Continuando, no traballo de González Rey (2004: 115), aparece unha detallada definición de *fraseoloxía*:

Estudo científico da combinatoria fixa das linguas, cun material clasificado como heteroxéneo (expresións idiomáticas, frases feitas, fórmulas rutineiras, colocacións, refráns e outras paremias) pero cunhas características comúns (pluriverbalidade, fixación dos compoñentes, idiomaticidade e, a miúdo, iconicidade da secuencia fixada, repetición no discurso e institucionalidade, é dicir, recoñecemento pola comunidade de falantes) que nos permiten consensuar un termo único para todos os seus elementos: as unidades fraseolóxicas.

Ademais, González Rey (2004: 115–116) engade as seguintes subdisciplinas en función de, por un lado, sistemas lingüísticos e, por outro, enfoques de análise:

- un sistema xeral, utilizado por toda a comunidade de falantes, que dá lugar á *fraseoloxía xeral*;
- un sistema terminolóxico, empregado por colectividades restrinxidas a campos de especialidade, que conforma a *fraseoloxía terminolóxica*;
- un enfoque sincrónico levado a cabo pola *fraseoloxía sincrónica*, dedicado á descrición dun estado da combinatoria fixa dunha lingua nun lugar determinado, cun estudo teórico (*fraseoloxía teórica*) que leva a captar a natureza xeral do feito fraseolóxico, aplicando logo os resultados a eidos máis concretos (*fraseoloxía aplicada*);
- un enfoque diacrónico levado a cabo pola *fraseoloxía diacrónica*, cunha liña de investigación encargada de recuperar ou preservar o patrimonio fraseolóxico a través do tempo por medio de estudos descritivos, históricos e comparados (*fraseoloxía específica*).

Finalmente, cómpre engadir a fraseoloxía contrastiva, a cal pode ir definida así: subdisciplina da fraseoloxía que ten como obxectivo determinar e analizar as diferenzas e semellanzas entre sistemas fraseolóxicos, xeralmente entre dúas ou máis linguas. En Gómez Clemente (1998) pódese observar o uso deste termo neste sentido e tamén o de *fraseoloxía comparada* como sinónimo para referirse á mesma idea.

2.2. Fraseografía

De acordo co exposto por Károly Morvay (2004: 170) ao falar da fraseografía, obsérvase que este termo é de pouco emprego nos estudos realizados na península Ibérica e ofrece a seguinte definición:

A fraseografía (ou *lexicografía fraseolóxica*) é unha disciplina lingüística que se dedica a elaborar e aplicar os principios de tratamento das unidades fraseolóxicas. A *fraseografía práctica* dedícase a recoller e rexistrar o conxunto (ou unha parte) dos fraseoloxismos dunha lingua (ou varias linguas), dun sector dunha lingua, dunha clase social ou dun individuo, moi especialmente dun autor e da súa obra.

Polo tanto, este semella ser un termo con pouco percorrido ata o día de hoxe no ámbito galego. Aínda así, cóntase con definicións nesta lingua grazas ós estudos foráneos que se verten ao galego na revista *Cadernos de Fraseoloxía Galega* como é o caso do artigo de Morvay que aquí se cita. Ademais, en Kótova (2005) sinálase que a fraseografía pode ocuparse de todas as paremias se se considera a paremioloxía dentro da fraseoloxía. En caso contrario, a paremiografía será a que se ocupe delas.

Continuando con Morvay (2004), este autor fala tamén de *metafraseografía*, que sería unha vertente dedicada á teoría, análise e investigación da fraseografía. Isto é: fraseografía teórica. A carón desta tamén se pode incluír o termo *metafraseoloxía*. Mentres que, do outro lado, estaría a fraseografía práctica máis enfocada á elaboración de dicionarios de fraseoloxía.

2.3. Fraseodidáctica

A fraseodidáctica, ás veces tamén chamada *didáctica da fraseoloxía*, é un termo con algo máis de difusión no ámbito galego. González Rey (2004: 116) afirma que esta subdisciplina debe encargarse dos «métodos de ensino de linguas que teñan en conta a súa dimensión fraseolóxica». De acordo con esta mesma autora (2012), pode ser definida así: «fraseodidáctica, parte da fraseoloxía aplicada que se dedica tanto á didáctica da fraseoloxía coma ao ensino de linguas a través da fraseoloxía». Esta definición fai patente que, de acordo con algúns puntos de vista, ambos termos non sempre fan referencia ao mesmo, xa que a fraseodidáctica non só é didáctica da fraseoloxía, senón que tamén inclúe toda a didáctica dunha lingua a través da súa fraseoloxía (*ibidem*). Por isto, no caso de considerar os sinónimos, o uso de ambos termos pode ser ambiguo, neste sentido é recomendable usar o termo máis amplo de *fraseodidáctica*.

En Chen (2022a) atópase unha disciplina fraseolóxica que se enmarca, entre outros, dentro da didáctica da linguas, polo tanto moi próxima á fraseodidáctica, a fraseoculturoloxía. Esta vén definida como a subdisciplina da fraseoloxía cuxo obxecto de estudo e práctica é a fraseocultura. A súa vez, segundo Chen (2022b), esta última «estuda as características culturais das unidades fraseolóxicas: a concreción do seu pensamento, a súa semántica metafórica, o carácter popular ou literario do seu estilo e a lóxica da súa produción diacrónica». Con todo, cómpre mencionar o carácter interdisciplinar de ambas e non se adscribe só ao ámbito da fraseodidáctica, senón que pode chegar a outros como a fraseografía.

2.4. Fraseoestilística

Atópase o termo *fraseoestilística* nun artigo en galego de Yauheniya Yakubovich (2018), pero pódese dicir que este concepto non ten uso nos estudos galegos da fraseoloxía, é máis propio da fraseoloxía eslava, en concreto da rusa, como se pode observar en Barčot (2015). Consonte ao exposto por esta autora, a fraseoestilística é a «subdisciplina que estuda o uso metafórico de expresións que forman parte do léxico e formalmente superan o nivel de palabra, pero non o nivel de oración, destacando as propiedades estilísticas do fraseoloxismo e as súas posibilidades expresivas» incluíndo cambios nos modismos no estilo xornalístico ou artístico-literario, ocasionalismos, a contaminación fraseolóxica e erros no uso de frasemas.

2.5. Fraseotradución

O termo *fraseotradución* non semella ter moito eco nos estudos galegos, apenas aparece en recensións como en S. Parina (2021). Outra opción sería *fraseotradutoloxía*, pero esta tampouco se emprega moito. Xunto a estas dúas están *tradución fraseolóxica* e *tradución da fraseoloxía*, as cales semella que teñen un uso un pouco máis estendido. De traballos como o de González Rey (2004), interprétase a seguinte definición de *fraseotradución*: parte da fraseoloxía aplicada que se interesa polo estudo da tradución dos fraseoloxismos ou o establecemento de equivalentes noutras linguas. Todas as opcións parecen igual de válidas.

Non obstante, aquí recoméndase usar o termo *fraseotradución*, por ser creado en analogía cos outros nomes do resto das disciplinas (fraseoloxía, fraseografía, fraseoestilística etc.), ou incluso *fraseotradutoloxía*.

2.6. Paremioloxía

A paremioloxía, disciplina lingüística que se dedica ao estudo das paremias (proverbios, refráns etc.), é un eido que atrae a atención tanto de lingüistas como de folcloristas (Kótova 2005). Isto último explica o longo percorrido da paremioloxía galega que se pode apreciar na presentación de Ferro Ruibal, Valiño Ferrín e Veiga Díaz do *Refraneiro Galego* de Taboada Chivite (2000). Non obstante, cómpre sinalar que case toda esta produción relacionada coas paremias é propiamente paremiográfica, xa que se corresponde máis con labores de recompilación e clasificación de refráns que con estudos paremiolóxicos estritamente lingüísticos, sendo esta a tónica xeral ata finais do século XX.

Dende finais deste século e xa no novo milenio, é notable o crecemento e a apertura de enfoques e liñas de estudo nos traballos paremiolóxicos máis alá da recollida de paremias, como se pode comprobar no panorama ofrecido en Ferro Ruibal e Vidal Castiñeira (2003). Noutro artigo, Vidal Castiñeira (2003: 79) afirma que «a paremioloxía é unha disciplina complexa e interesante para o estudo dunha lingua e para o ensino da tradución. Non obstante, isto non levou a que se fixesen estudos sistemáticos sobre todos os aspectos que pode abranguer» e introduce logo o concepto de *mínimo paremiolóxico*, que se define como «o conxunto mínimo de paremias coñecidas e usadas polos falantes desa lingua», dándolle unha aplicación relacionada co ámbito da tradución e da paremioloxía contrastiva. Este termo xa aparecía en traballos como o de Álvarez Lugrís (1997) e pódese definir como a subdisciplina paremiolóxica que ten como obxectivo determinar e analizar as diferenzas e semellanzas entre repertorios paremiolóxicos, xeralmente entre dúas ou máis linguas. Tamén recibe o nome de *paremioloxía comparada*.

Nos estudos galegos atópase o termo *xeoparemioloxía*, o cal vén definido como a subdisciplina encargada da «análise da distribución espacial dos refráns» (Álvarez Pérez 2014: 19) e, xunto a iso, recóllese o concepto de *paremiotipo*, que o mesmo autor (2015, 27) describe como a etiqueta que reúne proverbios que expresan un mesmo contido semántico, aínda que difiran na lingua, estrutura sintáctica ou nos compoñentes lexicais.

2.7. Paremiografía

De xeito semellante ao que acontecía coa fraseografía, o termo *paremiografía*, aínda que máis común, non parece que teña un uso moi estendido dentro dos estudos galegos. Este termo, e de acordo co xa exposto na epígrafe 2.2, pode ser definido como a disciplina lingüística que se dedica a recoller paremias (proverbios, refráns etc.) e analizar recompilacións destes. Kótova (2005: 136) caracterízaa como a «ciencia da elaboración de dicionarios de proverbios».

2.8. Paremioididáctica

Este termo non parece ter difusión nos estudos galegos, o que non quere dicir que non haxa materiais que se preocupen por esta área. Aquí, simplemente cómpre engadir que se recolle o seu uso en galego nunha recensión (Strohschen 2014) e, establecendo unha analoxía coa fraseodidáctica, pódese definir á paremioididáctica ou *didáctica das paremias* como a parte da fraseoloxía aplicada que se dedica a adquisición da compoñente paremiolóxica dunha lingua ou a aplicación desta para o ensino de linguas. Aplicando os mesmos motivos que se usaron con *fraseodidáctica*, *paremioididáctica* semella ser a opción máis recomendable.

2.9. Paremiotradución

Non se recolleu o termo *paremiotradución* en galego nin *paremiotradutoloxía*, polo que só se incluírán no glosario como posibles sinónimos non rexistrados. No seu lugar atópanse outras solucións como *tradución paremiolóxica* (Sevilla Muñoz 2004) ou *tradución de paremias* (*ibidem*), ambas facendo referencia á disciplina que se interesa polo estudo da tradución das paremias. Do mesmo xeito que cos termos *fraseotradución* e *fraseotradutoloxía*, semellan máis acaídos os termos *paremiotradución* e *paremiotradutoloxía*.

3. Terminoloxía dos fraseoloxismos

Na introdución deste traballo falábase do esquecemento teórico detectado na fraseoloxía galega, polo que a caracterización e nomenclatura dos fraseoloxismos van depender en gran parte das escolas ou linguas que se tomen como referencia. Neste sentido, nos estudos galegos principalmente téñense en conta traballos de gran importancia que proveñen do ámbito hispánico, como é o *Manual de fraseología española* de Gloria Corpas Pastor (1996) e outros citados ao longo deste traballo, por exemplo Zuluaga (1980), pero tamén se consideran obras doutras escolas, como a rusa con *Aspectos teóricos da fraseoloxía* de Baránov e Dobrovól'skij (2009).

O feito de establecer un marco teórico baseado nunha corrente ou outra pode provocar que o nome e a delimitación dos tipos de fraseoloxismos difira. Tal variedade terminolóxica quizais leva consigo ambigüidades ou confusións. Debido a isto, nalgúns casos cómpre, ademais de recoller e describir, discernir que termos son máis proclives á confusión e cales resultan máis acaídos para designar cada concepto.

Pártese de tres grandes grupos: semifrasemas, frasesmas e paremias. Estas tres clases de fraseoloxismos son na obra eslava (*ib.*) colocacións, unidades fraseolóxicas e proverbios respectivamente, aos que habería que engadir os fraseoesquemas, fraseoloxismos sintácticos, fraseoloxismos gramaticais, palabras aladas, ditos, fórmulas da fala etc. No traballo de Corpas Pastor (1996) hai tres esferas que concordan, en gran parte, co trío antes exposto. Son as colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos, comprendendo

estes últimos ás paremias (refrás e citas) e ás fórmulas rutineiras.³ Como xa se advertiu antes, o termo *unidade fraseolóxica* no marco eslavo tan só nomea aos frasemas, sendo *locución* o termo escollido para este tipo na obra hispánica. Neste traballo, *unidade fraseolóxica* é o que utilizaremos para facer referencia a todos os fraseoloxismos.

Cómpre engadir que en galego (Kótova 1998) tamén se atopa a clasificación de Vinogradov (1947) que establece tres tipos: combinación fraseolóxica, unidade fraseolóxica e fusión fraseolóxica (ou adherencia fraseolóxica)⁴. Non obstante, esta tipoloxía non parece ter moito eco nos estudos fraseolóxicos galegos.

No manual *Para dar trela* de Losada Aldrey, Cid Fernández e Fernández Carballido (2016: 15), atópase a seguinte definición de *fraseoloxismo*: «secuencias compostas por dúas ou máis palabras, caracterizadas pola fixación da súa forma, a lexicalización (idiomaticidade do seu significado) e a institucionalización do seu uso». Outros termos que se atoparon como sinónimos de *fraseoloxismo* en traballos fraseolóxicos galegos, ademais de *unidade fraseolóxica* son *frase feita*, *expresión fixa*, *xiro idiomático* ou *fraseolexema*.

O termo *fraseoloxismo* parece ser a mellor opción debido a que é un nome claro e unívoco. A diferenza de, por exemplo, *unidade fraseolóxica* que, como se advertiu anteriormente, pode resultar ambiguo. Ademais, *fraseoloxismo* ten un amplo uso nos estudos galegos, cuestión que descarta outras opcións tales como *fraseolexema* con moito menor percorrido nesta lingua.

Nas epígrafes que seguen ofrécese unha definición do tipo de fraseoloxismo que corresponda, os seus termos alternativos ou sinonímicos e cal é o máis acaído. Tamén se inclúen, se os houber, subtipos de unidades ou outros conceptos relacionados cos fraseoloxismos que se poden considerar relevantes ou de interese para este traballo.

3.1. Colocacións

Atópase no ámbito galego o traballo de Martínez Vicente (2023) que ofrece unha ampla e clara caracterización e delimitación das colocacións (*viño picado*, *sardiña muda*, *aire roxo*), en concreto das colocacións con verbo soporte (*dar un paseo*, *meter unha labazada*), tamén chamadas colocacións verbonominais. Para este e os outros tipos, recóllense en estudos como o de Orenha-Ottaiano (2019: 40) e Tenório Zucchi (2019: 112) as seguintes solucións⁵: colocacións verbais (*ter fame*, *dar un pincharcarneiro*), colocacións nominais (*viño branco*, *pelos da fame*), colocacións adxectivas (*home feito e dereito*) e colocacións adverbiais (*diametralmente oposto*).

³ Os grupos que establece Corpas Pastor correspóndense coa división en epígrafes do terceiro apartado neste traballo.

⁴ *Combinación fraseolóxica* é un concepto moi próximo ao de *semifrasema*; e os de *unidade* e *fusión* ou *adherencia* aos de *frasema*, entre outros. Para unha explicación algo máis detallada *vid.* Kotóva (1998: 248) ou Baránov e Dobrovol'skij (2009: 12–13).

⁵ Os exemplos que van a continuación son propios, non son extraídos das dúas obras antes citadas, e casan, en parte, máis coa concepción das colocacións exposta en Martínez Vicente (2023).

Volvendo ao traballo de Martínez Vicente (2023: 24–29), aparece o uso de *semifrasema* como sinónimo de *colocación*, xa que neste traballo, que se apoia na clasificación de Baránov e Dobrovol'skij (2009), enténdese como un tipo de fraseoloxismo con dependencia ou falta de autonomía discursiva total, o que o diferencia dos enunciados fraseolóxicos (como os proverbios) e, prototipicamente falando, cun menor grao de idiomaticidade, ou máis ben irregularidade, respecto das unidades fraseolóxicas ou locucións. De aí que un sexa considerado semiidiomático (semifrasema) e o outro totalmente idiomático (frasema).

Con todo, o concepto de *colocación* pode diferir moito entre escolas ou autores ata o punto de incluír combinacións ou estruturas non fraseolóxicas que responden a outros criterios de caracterización, como pode ser a frecuencia de coaparición ou a restrición léxico-semántica (*vid.* Martínez Vicente 2023: 21–23), perspectivas que aquí non se van tratar e que non son relevantes para o traballo que aquí se leva a cabo, xa que non achegan ningún termo adicional de interese que non se mencione aquí.

Ademais, ao longo do traballo, Martínez Vicente (2023) ofrece os seguintes tipos de colocacións: colocación complexa (*dar un golpe de calor*), colocación metafórica (*da-la lata*) e colocación complexa metafórica (*dar un balón de osíxeno*). En contraposición das colocacións complexas tamén se fala de colocacións simples (*dar un paseo*).

Os elementos constituíntes das colocacións reciben o nome de *base* e *colocado* (ou *colocativo*), *verbo soporte* semella ser a forma preferida para este tipo de verbos; pero Martínez Vicente (2023: 32) engade as seguintes solucións: verbo de apoio, verbo funcional ou verbo lixeiro. Ademais, este tipo de verbos poden ser de dous tipos en función do seu poder colocacional (Martínez Vicente, 2023: 42–43): verbos soporte xerais (*dar, ter, facer*) que teñen un amplo rango colocacional e verbos soporte específicos (*chantar, espetar, largar*) máis restrinxidos.

Finalmente, ao falar dos límites das colocacións aparece o termo *solidariedade léxica* (*can ladra, gato miaña*), que Martínez Vicente (2023) non considera fraseolóxico por non ter idiomaticidade, pero que pode ter certo interese para os estudos fraseolóxicos.

Noutros traballos galegos, como Álvarez de la Granja (2003b), tamén se fala dos *termos compostos sintagmáticos* (*piñeiro manso, lúa vella*) e dos *predicados complexos* (*dar aviso, facer alusión*). Ambos sitúanse próximos a algunhas colocacións ou locucións, aínda que cómpre subliñar que os predicados complexos e as colocacións con verbo soporte poden ser termos que fagan referencia ao mesmo tipo de combinación.

Dentro das múltiples opcións que se presentan nesta epígrafe para un mesmo concepto, é necesario destacar que, para denominar as unidades, *colocación* é o termo favorito dentro dos estudos galegos. Non obstante, *semifrasema* tamén é un termo igualmente válido e que se pode usar coma sinónimo deste nun mesmo traballo. Con todo, convén subliñar que todos os subtipos se rexistran con *colocación*, pero non con *semifrasema*.

De feito, non se atopa, por exemplo, **semifrasema complexo*, coa excepción do infrecuente *semifrasema verbonominal*. En suma, *colocación* debe ser a opción preferente.

O verbo desemantizado que fai parte das colocacións verbonominais recibe varios nomes. O máis habitual parece ser *verbo soporte*, opción que aquí se prefire por iso. Non obstante, as outras opcións (*de apoio*, *lixeiro* etc.) son igualmente válidas. Finalmente, está o par que forma *colocación con verbo soporte* e *colocación verbonominal*, ambas opcións son igual de acaídas.

3.2. Unidades fraseolóxicas

Nesta epígrafe entran os frasemas. Como xa se adiantou, aquí están as opcións de *unidade fraseolóxica* e *locución*. En Álvarez de la Granja (2003b: 9) defínese esta unidade fronte aos enunciados fraseolóxicos como «aqueles fraseoloxismos que funcionan como elementos oracionais, isto é, que non constitúen de seu actos de fala, senón que se insiren dentro de actos de fala». Para as locucións fronte ás colocacións, como se explica na epígrafe anterior, o grao de idiomaticidade/irregularidade é un factor que pode funcionar como criterio operativo para diferenciar estes dous tipos de fraseoloxismos.

No traballo de Álvarez de la Granja (2003b), no que se usa o termo *locución*, establécense os seguintes tipos de acordo con criterios semántico-funcionais: locucións substantivas (*pelo de ovo*, *catro gatos*), locucións adxectivas (*feito en boa lúa*, *de segunda man*), locucións adverbiais (*a carreira aberta*), locucións verbais (*darlle sebo ós pés*), locucións preposicionais (*a por de*), locucións conxuntivas (*con tal que*), locucións pronominais (*a fartar*), locucións clausais (*quedar sen sangue*), locucións adxectivo-adverbiais (*a porta pechada*), locucións elativas (*a embute*, *de vez*), e locucións con casas baleiras (*[verbo, p. e. chover] os sete chorares*).

Ademais, próximas a estas aparecen as expresións ponderativas fixas (*ve-las estrelas*, *buscarlle a corte ó boi vello*) e as locucións verbais de valencia cero (*a carreira aberta*).

Nos estudos fraseolóxicos da lingua galega semella que o termo de tradición hispánica, *locución*, é o que ten maior uso. Independentemente da concepción que se teña da fraseoloxía (ampla ou estreita) ou do marco teórico seleccionado, este tipo sempre é obxecto de estudo da fraseoloxía, aínda que a súa caracterización poida diferir dunha corrente ou autor a outro. Cómpre engadir aquí que algúns dos subtipos que se mencionaron suscitan problemas teóricos, debido ás súas características limítrofes cos outros fraseoloxismos (tanto colocacións como enunciados fraseolóxicos) ou incluso con estruturas que poderían ser consideradas non fraseolóxicas.

Ademais, nos traballos fraseolóxicos galegos tamén se atopan os conceptos de *comparación estereotipada* (*[lavarse] coma os gatos*), *locución estereotipada* (*namorado coma un portugués*), *locución comparativa* (*rubios coma tomates*), podendo ser estes tres considerados como sinónimos entre si, *zoomorfismo (fraseolóxico)* (*ser un can vello*,

morrer coma moscas), *somatismo* (*non da-lo brazo a torcer*) e, finalmente, catro termos adicionais que se teñen utilizado nalgún caso como sinónimo de frasema ou incluso de fraseoloxismo: *modismo*, *idiotismo*, *expresión figurada* e *expresión idiomática*.

De todos os termos rexistrados para designar o conxuntos de unidades deste tipo, *locución* parece ser o nome máis frecuente ademais de ser unívoco, polo que é recomendable o seu uso. Non hai motivos para condenar a utilización de *frasema*, menos popular, pero igualmente válido. Se se opta por *unidade fraseolóxica*, cómpre ter en conta que este termo é proclive a confusión con *fraseoloxismo*, polo que se se usa nun traballo é conveniente aclarar o que se entende con este termo.

3.3. Unidades paremiolóxicas e fórmulas rutineiras

De acordo coa clasificación de Corpas Pastor (1996), aquí entrarían os chamados enunciados fraseolóxicos, que se definen como os fraseoloxismos que constitúen enunciados completos, actos de fala por si mesmos, característica que se lle nega ás colocacións e locucións, xa que son consideradas fraseoloxismos que funcionan como elementos oracionais. Esta autora, que recolle as ideas de Zuluaga (1980), divide os enunciados en dous grupos: un para as fórmulas rutineiras e outro para as paremias.

No caso das paremias, Corpas Pastor (1996, 132–133) di que se diferencian das fórmulas rutineiras en que as primeiras teñen significado referencial, mentres que coas segundas é de tipo social, expresivo ou discursivo. Ademais, as paremias gozan autonomía textual, mentres que as fórmulas rutineiras veñen determinadas por situacións concretas. No traballo de Álvarez de la Granja (2003b: 16–17), as primeiras defínense baixo o nome de refráns, así: «enunciado fraseolóxico que encerra un valor de verdade xeral, isto é, unha verdade (unha idea completa concibida e presentada como verdade) válida en calquera tempo». As fórmulas, en cambio, son «enunciados fraseolóxicos con significado pragmático e situacional, pero carentes dun significado descritivo con valor de verdade xeral e, en boa parte dos casos, carentes de calquera significado descritivo».

Álvarez de la Granja (2003b: 16) afirma que no caso das paremias «resulta difícil atopar criterios de clasificación sistemáticos e de doada aplicación». Así, pódese observar como en diversos traballos aparecen conceptos como *proverbio*, *dito*, *refrán* etc. que poden ser usados como termos idénticos ou ser caracterizados de diferente forma. Neste sentido é relevante o traballo de Conde Tarrío (1999) que trata a problemática arredor da terminoloxía paremiolóxica e tenta diferenciar e clasificar todos os seus tipos. Este autor establece que *refrán* úsase como archilexema de todas as paremias, como se utiliza en Álvarez de la Granja (2003b), Conde Tarrío (1999) tamén sinala que *proverbio* e *refrán* confúndense e trátanse como sinónimos (o autor diferénciao principalmente en que o refrán pode ser xocoso e é popular) e, ademais, nas conclusións dese artigo non semella que haxa apenas diferenza entre *refrán* e *dito*.

Na obra de Baránov e Dobrovol'skij (2009) aparece *proverbio* como hipéronimo de todas as paremias, pero, no ámbito hispánico, Sevilla Muñoz (1993; 2013) só usa *paremia* como archilexema e o refrán e o proverbio son dous tipos diferenciados. Pamies Bertrán (2019: 26–28) destaca que *proverbio* é un hipónimo de *paremia*, aínda que detecta certa confusión nalgunhas das súas definicións e tratamento ao ser este usado como sinónimo de *paremia*, ambigüidade que non só existe en galego en castelán, senón que tamén se dá noutras linguas. Logo, sinala que algúns paremiólogos do castelán consideran que o refrán e o proverbio non son o mesmo concepto (como Sevilla Muñoz 1993; 2013), pero afirma que é máis recomendable usalos como sinónimos, xa que certos criterios que se collen para diferenciar estes e outros tipos responden a características como máis popular ou máis culto e non é prudente confiar nestes criterios con unidades cun uso tan variable ao longo do tempo.

Conde Tarrío (1999) para diferenciar as unidades en galego usa o criterio de popular ou culto e outros que tamén semellan problemáticos como xocosidade, brevidade, veracidade etc. Nesta obra, hai dous grupos principais: as máis populares, que son o refrán, o dialoxismo e o dito, e o resto que son as máis cultas (proverbio, aforismo, divisa, máxima, precepto, entre outras que se nomean logo). Ademais, as unidades de cada grupo son caracterizadas por outros factores como os criterios antes expostos que non parecen moi precisos, eficaces ou doados de aplicar como se extrae do exposto anteriormente de Álvarez de la Granja (2003b: 16) ou de Pamies Bertrán (2019: 26–28).

O que semella máis claro é que, xunto ao termo *paremia*, utilízanse igualmente como hipéronimos os termos *refrán*, *proverbio* e *dito*. Parece que *refrán* é o máis usado e non se observa ningún problema na súa utilización como sinónimo de *paremia*, tampouco de *proverbio* e *dito*, agás as posibles ambigüidades que poden aparecer se se usa algún destes termos tamén como un hipónimo, un tipo. *Paremia* talvez sexa a mellor opción de todas xa que non é proclive a confusión de ningunha clase. Evidentemente, o seu uso como único archilexema posible debe ser obrigado no caso de diferenciar *paremia* de *dito*, *refrán* ou *proverbio*.

A continuación, inclúense as unidades paremiolóxicas recollidas dentro dos estudos de fraseoloxía en galego xunto cun exemplo. De xeito semellante a outros conxuntos, os termos son comúns cos da escola hispánica, tanto se se fala de termos propios do ámbito iberorrománico (refrán) como de fóra deste (*wellerismo*). Así, recompilouse: *paremia* (*na casa en que non hai gatos, campan os ratos*), *refrán* (*a boi vello, chocallo novo*), *dito* (*amigo de moitos e amigo de ningún, todo é un*), *proverbio* (*fai ben e non mires a quen*), *aforismo* (*o amor e a gadaña queren forza e queren maña*), *máxima* (*o amor non se gaña senón con amor*), *adaxio* (*a letra co sangue entra*), *sentenza* (*fai ben e non mires a quen*), *lema* (*mente sa en corpo san*), *divisa* (*denantes mortos que escravos*), *slogan* (*cando chove e fai sol, pasa o rally por Ferrol*), *palabra alada* (*a sorte está botada*), *cita* (*tantos homes, tantas opinións*), *apoteigma* (*de alcalde a verdugo: ¡mirade como subo!*), *precepto* (*a caridade ben entendida comeza por un mesmo*) *axioma* (*a boa fame non hai pan duro*), *frase proverbial* (*quen lle pon o cascabel ao gato?*), *wellerismo* (*as berzas*

dicen: —Calcaime ben a terra), dialoxismo (*castaña rapada que estás no camiño, deixa o teu amo e vente comigo*), refrán dialogado (*por un can que matei, «matacáns» me chamaron e en «matacáns» quedei*), refrán meteorolóxico ou refrán temporal (*setembro, ou leva as pontes ou seca as fontes*), refráns haxiocronolóxicos (*por san Xulián, medra o día un pasiño de can*) ou clixé ou cliché (*o burro diante para que non se espante*), ao que se engade o concepto *paremiotipo* que xa foi tratado na epígrafe 2.6, pero que non se refire a unha unidade *paremiolóxica*.

A carón das *paremias* están as *formulas* rutineiras. Resulta interesante aquí o exposto por Álvarez de la Granja (1999), quen afirma que non necesariamente todas as *formulas* son *enunciados*, senón que poden estar no nivel da locución e, polo tanto, poderíanse distinguir baixo os termos *enunciado fórmula* e *locución fórmula*, este último semellante ao termo *fórmula conversacional*.

En Corpas Pastor (1998) atópase a clasificación das *formulas* rutineiras en galego, que tamén aparecen noutros traballos como no de Martín Seixo (2003). Así, distingue, por un lado, *formulas* discursivas que se dividen pola súa vez en *formulas* de apertura (*que tal?*), *formulas* de peche (*ata logo*) e *formulas* de transición (*meu dito, meu feito*); e, por outro lado, as *formulas* psico-sociais, que se clasifican en *formulas* expresivas (*madia leva!*), *formulas* comisivas (*xa nos veremos ti e eu*), *formulas* directivas (*déixame de muiñeiras!*), *formulas* asertivas (*así eu medre e luza*) e *formas* rituais (*vaia con Deus*).

Ademais destas últimas, diferencia un nivel máis de clasificación que se establece en función de criterios pragmáticos dando os seguintes subtipos: dentro das expresivas, as *formulas* de desculpa (*con perdón*), de consentimento (*de mil amores*), de recusación (*nin rabo de peixe*), de agradecemento (*Deus cho pague*), de réplica (*de nada*), de desexar sorte (*boa viaxe!*), de solidariedade (*que lle imos facer*) e de insolidariedade (*tanto me ten*); das *formulas* comisivas simplemente cómpre dicir que tamén se chaman de promesa ou de ameaza (*heite afeitar!*); dentro das *formulas* directivas van as de exhortación (*[ir] ó conto*), de información (*que tes?*) e de ánimo (*non é para tanto*); logo as de aseveración (*como cho digo*) e emocionais (*Deus me acuda!*) dentro das *formulas* asertivas e, por último, no grupo das *formulas* rituais, figuran as de saúdo (*felices os ollos!*) e de despedida (*non morra*).

Ademais, cómpre engadir que se recolleron uns termos que son usados como sinónimos de *fórmula* rutineira: *fórmula de rutina* e *fórmula de fala*, sendo todos igualmente válidos.

Tamén se rexistraron outros conceptos próximos ós anteriores como son *pragmatema*, *frasema pragmático* e *enunciado pragmático*. O primeiro, *pragmatema*, termo apenas usado en galego e acuñado por Mel’cuk (1995), aparece definido en galego (González Rey 2018: 289) así: «enunciado autónomo pluriverbal, semanticamente composicional, que é restrinxido no seu significado pola situación de comunicación na que se produce».

Logo, *frasema pragmático*, é unha categoría que contén os pragmatemas ou fórmulas de rutina e as fórmulas conversacionais (vid. Parra Simón, 2021). Disto se entende que aquí o pragmatema é un enunciado fórmula ou enunciado pragmático que se opón á fórmula locución.

Finalmente, atopouse *fórmula comparativa* (*coma a troita na auga/o peixe na auga/cabra no monte*) semellante á *comparación estereotipada* (vid. Ferro Ruibal, 2006) ou *comparación proverbial* (*pasar máis fame que un can/un mestre de escola*) e *fórmula interxectiva* tamén chamada *locución interxectiva* (*manda truco!*).

4. Conclusións

Neste traballo tentáronse rexistrar os termos usados na fraseoloxía en galego a partir da lectura e revisión das principais publicacións que versan sobre fraseoloxía en lingua galega. En base ás análises realizadas e ós datos recollidos, cómpre concluír que, por unha banda, existen termos que realmente poden considerarse de uso frecuente ou propios dos estudos fraseolóxicos galegos, debido ao seu emprego regular e moi estendido e, pola outra banda, documentáronse termos menos utilizados, máis “alleos”, que de modo xeral aparecen por estaren vertidos ao galego grazas ás traducións realizadas en publicacións como *Cadernos de Fraseoloxía Galega*.

A circunstancia de ter varios termos para un mesmo concepto, xunto a posibilidade de que un mesmo vocábulo faga referencia a ideas diferentes ou que este sexa caracterizado de xeito distinto, pode que fomente a confusión na nomenclatura fraseolóxica. Con todo, o feito de se rexistraren termos de diversa orixe achega unha riqueza terminolóxica ós estudos galegos que non necesariamente ten que levar ás devanditas confusións, senón que algúns termos veñen cubrir lagoas conceptuais na lingüística galega. Así, chegan propostas terminolóxicas para conceptos relacionados coa fraseoloxía que aínda non se trataron en galego ou que tiveron un desenvolvemento escaso.

Esta diversidade de termos afecta en gran parte ás unidades. *Fraseoloxismo* amósase como a mellor opción para nomear a todas as unidades obxecto de estudo da fraseoloxía. Dentro dos principais tipos de unidades, os termos máis usuais ou clarificadores son *colocación*, *locución*, *paremia* e *fórmula rutineira*. Sen obviar que as alternativas *semifrasema* para *colocación*, *frasema* para *locución* ou os sinónimos de *formula rutineira* (*fórmula de rutina*, *fórmula de fala*) son opcións igualmente válidas.

Outros termos como, por exemplo, *unidade fraseolóxica* / *fraseolexema*, *refrán* / *proverbio* / *dito* ou *pragmatema* para *locución*, *paremia* e *fórmula rutineira* respectivamente, poderían ser opcións a ter en conta. Non obstante, é necesario destacar que estes termos ou ben son pouco usados en galego ou ben son proclives á confusión se se usan como hiperónimo das unidades do seu grupo. Por este motivo, desaconséllase o seu uso ou, no caso de empregar algún destes termos, cómpre aclarar que se entende con cada un deles para evitar ambigüidades.

Por último, engádese un glosario nun anexo ao final que reúne todos os termos rexistrados, un total de 166, repartidos en 38 no grupo das disciplinas e 128 no das unidades. Este inventario é unha recompilación o suficientemente exhaustiva para o obxectivo deste traballo, non obstante non é un glosario pechado, xa que a medida que se avance na fraseoloxía galega, ou se traduzan traballos doutras linguas, a listaxe ha de incrementarse para, deste xeito, obter un repertorio terminolóxico completo desta disciplina.

Apéndice. Glosario de termos fraseolóxicos en galego

Neste apéndice atópanse os 166 termos recollidos, 38 para as disciplinas fraseolóxicas e 128 na categoría das unidades. Os termos incluídos neste glosario clasifícanse en dúas categorías principais: unha para as disciplinas e outra para unidades e outros. Á súa vez, aparecen organizados en celas de acordo coa división en epígrafes deste traballo, coa excepción das paremias e as fórmulas rutineiras que teñen cadansúa cela. Os subgrupos dalgún termo (subtipos de unidades ou subdisciplinas, por exemplo) aparecen sangrados pola esquerda. As diferentes categorías dentro dun conxunto aparecen separadas cun salto de parágrafo, como por exemplo no grupo das colocacións onde se separan os subtipos destas dos termos que fan referencia ós elementos dos que se compón unha colocación. Finalmente, cómpre subliñar que a última cela desta táboa inclúe outros termos que se consideraron de difícil encaixe en unicamente un dos outros conxuntos.

Disciplinas
Fraseoloxía <ul style="list-style-type: none"> • Fraseoloxía en sentido amplo • Fraseoloxía en sentido estreito • Fraseoloxía xeral • Fraseoloxía terminolóxica • Fraseoloxía sincrónica • Fraseoloxía teórica • Fraseoloxía aplicada • Fraseoloxía diacrónica • Fraseoloxía específica • Fraseoloxía contrastiva • Fraseoloxía comparada • Metafraseoloxía
Fraseografía Lexicografía fraseolóxica <ul style="list-style-type: none"> • Metafraseografía • Fraseografía teórica • Fraseografía práctica
Fraseodidáctica Didáctica da fraseoloxía Fraseoculturoloxía Fraseocultura
Fraseoestilística
Fraseotradución Fraseotradutoloxía Tradución fraseolóxica Tradución da fraseoloxía
Paremioloxía <ul style="list-style-type: none"> • Paremioloxía contrastiva • Paremioloxía comparada • Xeoparemioloxía
Paremiografía
Paremioididáctica Didáctica das paremias
*Paremiotradución *Paremiotradutoloxía Tradución paremiolóxica Tradución de paremias

* Termos posibles,
pero non rexistrados.

Unidades e outros		
Fraseoloxismo Frase feita Expresión fixa Xiro idiomático Fraseolexema	Enunciado fraseolóxico Unidade paremiolóxica Paremia Refrán Dito Proverbio	<ul style="list-style-type: none"> • De promesa • De ameaza
Semifrasema Colocación <ul style="list-style-type: none"> • Colocación con verbo soporte • Colocación verbonominal • Colocación verbal • Colocación nominal • Colocación adxectiva • Colocación adverbial • Colocación complexa • Colocación metafórica • Colocación complexa metafórica • Colocación simple Base Colocado Colocativo Verbo soporte Verbo soporte xeral Verbo soporte específico Verbo de apoio Verbo funcional Verbo lixeiro	<ul style="list-style-type: none"> • Aforismo • Máxima • Adaxio • Sentenza • Lema • Divisa • Slogan • Palabra alada • Precepto • Cita • Apotegma • Frase proverbial • Wellerismo • Dialoxismo • Refrán dialogado • Refrán meteorolóxico • Refrán temporal • Refrán haxiocronolóxico • Clixé • Cliché 	<ul style="list-style-type: none"> • Fórmula directiva <ul style="list-style-type: none"> • De exhortación • De información • De ánimo • Fórmula asertiva <ul style="list-style-type: none"> • De aseveración • Emocionais • Forma ritual <ul style="list-style-type: none"> • De saúdo • De despedida • Fórmula comparativa <ul style="list-style-type: none"> • Comparación proverbial • Fórmula interxectiva • Locución interxectiva
Frasema Unidade fraseolóxica Locución <ul style="list-style-type: none"> • Locución substantiva • Locución adxectiva • Locución adverbial • Locución verbal • Locución preposicional • Locución conxuntiva • Locución pronominal • Locución clausal • Locución adxectivo-adverbial • Locución elativa • Locución con casas baleiras • Locución verbais de valencia cero 	Fórmula (rutineira) Enunciado fórmula Locución fórmula Fórmula conversacional Frasema pragmático Pragmatema Fórmula de fala Fórmula de rutina Enunciado pragmático <ul style="list-style-type: none"> • Fórmula discursiva <ul style="list-style-type: none"> • Fórmula de apertura • Fórmula de peche • Fórmula de transición • Fórmula psico-social <ul style="list-style-type: none"> • Fórmula expresiva <ul style="list-style-type: none"> • De desculpa • De consentimento • De recusación • De agradecemento • De réplica • De desexar sorte • De solidariedade • De insolidariedade • Fórmula comisiva 	Fraseoesquema Fraseoloxismo sintáctico Fraseoloxismo gramatical Combinación fraseolóxica Fusión fraseolóxica Adherencia fraseolóxica Solidariedade léxica Termo composto sintagmático Predicados complexos Expresión ponderativa fixa Locución estereotipada Comparación estereotipada Locución comparativa Zoomorfismo (fraseolóxico)
		Paremiotipo Somatismo Mínimo paremiolóxico Modismo Idiotismo Expresión figurada Expresión idiomática

5. Referencias bibliográficas

- Álvarez de la Granja, M. (1997). As expresións fixas nos dicionarios galegos. *Cadernos de lingua*, 15, 71–95.
- Álvarez de la Granja, M. (1999). Locucións e enunciados fraseolóxicos un límite difuso. *Paremia*, 8, 19–24.
- Álvarez de la Granja, M. (2003a). *As locucións verbais galegas (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 52)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Álvarez de la Granja, M. (2003b). Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4, 9–34.
- Álvarez de la Granja, M. (2004). As unidades fraseolóxicas na lexicografía galega. En R. Álvarez, F. Fernández Rei e A. Santamarina (Eds.), *A lingua galega: historia e actualidade* (Vol. 4, pp. 477–484). Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Álvarez Lugrís, Alberto (1997). Repertorio de refráns inglés-galego. *Cadernos de Lingua*, 15, 97–117.
- Álvarez Pérez, X. A. (2014). ‘Carapucho no Farelo, auga no pelo’: a xeografía dos refráns meteorolóxicos romances. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 16, 19–40.
- Álvarez Pérez, X. A. (2015). Distribución geográfica de los refranes: notas para el análisis geoparemiológico. *Anuari De Filologia. Estudis de Lingüística*, 5, 25–52.
- Baránov, A. e D. Dobrovolskij (2009). *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.
- Barčot, B. (2015). O stilističkoj obojenosti hrvatskih frazema s historizmom ili arhaizmom kao sastavnicom. En A. Ryznar, *Svijet stila, stanja stilistike*. Filozofski fakultet Sveučilišta u Zagrebu. stilistika.org
- Casares Sánchez, J. (1950). *Introducción a la lexicografía moderna*. CSIC.
- Chen L. (2022a). Fraseoculturoloxía e fraseodidáctica en LE: como integrar progresivamente expresións idiomáticas no ensino dende o nivel A1 e ata o B2?. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 24, 23–38.
- Chen L. (2022a). Phraséoculturologie: une sous-discipline moderne indispensable de la phraséologie. En F. Neveu, S. Prévost, A. Steuckardt, G. Bergounioux e B. Hamma (Eds.) (2022). *Actes de Congrès Mondial de Linguistique Française - CMLF 2022, SHS Web of Conferences*. (Vol. 138, pp. 1–18)
- Conde Tarrío, G. (1999). O problema da terminoloxía paremiolóxica en Galicia. *Madrygal*, 2, 53–66.
- Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española*. Gredos.
- Corpas Pastor, G. (1998). Expresións fraseolóxicas e colocacións: clasificación. En X. Ferro Ruibal (Coord.). *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*, (pp. 31–61). Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.
- Corpas Pastor, G. (2000). Fraseología y traducción. En V. Salvador i Liern e A. Piquer Vidal (Coords.). *El discurs prefabricat: Estudis de fraseologia teòrica i aplicada*. (pp. 107–138). Universitat Jaume I.
- Ferro Ruibal, X. (2006). Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 179–265.

- Ferro Ruibal, X. e A. Vidal Castiñeira (2003). Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4, 35–58.
- García Page Sánchez, M. (2008). *Introducción a la fraseología española: Estudio de las locuciones*. Anthropos.
- Gómez Clemente, X. M. (1998). Os estudos fraseolóxicos na Universidade de Vigo: realidades e proxectos. En X. Ferro Ruibal (Coord.) (1998). *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. (pp. 277–282). Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.
- González Rey, M. I. (2004). A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 6, 113–130.
- González Rey, M. I. (2012). De la didáctica de la fraseología a la fraseodidáctica. *Premia*, 21, 67–84.
- González Rey, M. I. (2018). [Recensión de *Pragmatèmes*, por X. Blanco Escoda e S. Mejri]. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 20, 283–309.
- Kótova, M. (1998). As achegas rusas ós estudos fraseolóxicos. En X. Ferro Ruibal (Coord.). *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*. (pp. 247–256). Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.
- Kótova, M. (2005). Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 7, 135–148.
- Losada Aldrey, M. C., Cid Fernández, A. e X. Fernández Carballido (2016). *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega*. Xunta de Galicia.
- Martínez Vicente, A. (2023). *Colocaci3ns co verbo soporte dar en galego e espa3ol mailos seus equivalentes en lingua croata*. [Tese de doutoramento. Universidade de Zadar].
- Martíns Seixo, R. A. (2003). O labor de fraseógrafo de Manuel Leiras Pulpeiro. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4, 19–37.
- Mel’čuk, I. (1995). Phrasemes in language and phraseology in linguistics. En M. Everaert, E. Van Der Linden, A. Schenk e R. Schreuder (Eds.). *Idioms: structural and psychological perspectives*. (pp. 167–232). Lawrence Erlbaum Associates.
- Morvay, K. (2004). Por unha metafraseografía peninsular. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 6, 169–189.
- Orenha-Ottaiano, A. (2019). Escollas colocacionais a partir dun corpus de estudantes de tradución e a importancia do desenvolvemento da competencia colocacional. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 21, 35–64.
- Palacios Martínez, I. (Dir.) (2019). *DICELEN. Diccionario de enseñanza y aprendizaje de lenguas*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Pamies Bertrán, A. (2019). La fraseología a través de su terminología. En J. J. Martín Ríos (Ed.) (1999). *Estudios lingüísticos y culturales sobre China*. (pp. 105–134). Comares.
- Parra Simón, M. C. (2021). [Recensión de *VERBUM [Tome XL]. Phraséologie et pragmatique, n.º 1*, por M. Kauffer e Y. Keromnes (Coords.)]. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 23, 259–267.
- Penadés Martínez, I. (1999). La enseñanza de las unidades fraseológicas. Arco.

- Ruiz Gurillo, L. (1997). *Aspectos de fraseología teórica española (Anejo XXIV de Cuadernos de Filología)*. Universitat de València.
- S. Parina, I. (2021). [Recensión de *Teaching and Learning Phraseology in the XXI Century / Phraseologie Lehren und Lernen im 21. Jahrhundert Challenges for Phraseodidactics and Phraseotranslation Herausforderungen für Phraseodidaktik und Phraseoübersetzung*, por F. M. Mena Martínez e C. Strohschen (Eds.)]. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 23, 273–277.
- Sevilla Muñoz, J. (2004). O concepto correspondencia na tradución paremiolóxica. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 6, 221–229.
- Sevilla Muñoz, J. (1993). Las paremias españolas: clasificación, definición y correspondencia francesa. *Paremia*, 2, 15–20.
- Sevilla Muñoz, J. (2013). Las paremias y su clasificación. *Paremia*, 22, 105–114.
- Soto Arias, M. do R. (1998). A fraseoloxía no ámbito non universitario. En X. Ferro Ruibal (Coord.), *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía* (pp. 283–288). Santiago de Compostela: CRPIH/ Xunta de Galicia.
- Strohschen, C. (2014). [Recensión de *Didáctica y traducción de las unidades fraseológicas*, por M. I. González Rey, María Isabel (Ed.)]. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 16, 457–509.
- Taboada Chivite, X. (2000). *Refraneiro galego (Cadernos de Fraseoloxía Galega 2)*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.
- Tenório Zucchi, A. M. (2019). Orientación na universidade para a multiplicación dos estudos fraseolóxicos. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 21, 105–134.
- Vinogradov, V. V. (1947). Об основных типах фразеологических единиц в русском языке. En V. V. Vinogradov (1977) *Лексикология и лексикография: избранные труды*. (pp. 140–161). Moscova: Наука.
- Vidal Castiñeira, A. (2003). Aproximación ó ‘mínimo paremiolóxico’ galego: unha proposta didáctica. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4, 79–116.
- Yakubovich, Y. (2018). Rimbaud e Apollinaire nas recreacións poéticas bielorrusas: particularidades do tratamento fraseoestilístico. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 20, 197–220.
- Zuluaga, A. (1980). *Introducción al estudio de las expresiones*. Peter D. Lang.